

## Frontispicio da Fachada da Parroquia de Santa María de Darbo

---

*Manuel Rodal González*

Ó longo do século XVIII, as parroquias de Santa María de Darbo e Santiago de Cangas fóronse beneficiando das "Indias" (A Nova España) a través das Tornaviaxes da Flota Española. Os veciños que vivían alí, non desaproveitaron a ocasión de enviar á súa "patria chica", calquera agasallo a súa Santa Patrona ou facer doazóns para obras pías ás parroquias.

Téñense contabilizado diversas doazóns en metálico ou obxectos de ourivesaría en prata, de incalculable valor material e artístico dados para diversas localidades do Morrazo.

Os emigrantes daquela época, non lles era doado abandonar España, posto que a saída era a través da Casa da Contratación da Moeda (Sevilla) ou recorrer á emigración ilegal, levada a efecto polas costas portuguesas e desde alí, pasar á Nova España. A verificación da identidade do que pretendía saír, por Nobre, non requiría a confirmación oficial da Chancellería de Valladolid. Calquera nobre podía presentar un papel que o acreditase como tal e isto dáballe a opción a poder viaxar coa credencial mostrada.

Este era o medio máis usual para aquela xente, que o seu apelido podería dar opción a desconfiar da súa "limpeza de sangue", e no tempo que debía empregar na investigación da identidade e liñaxe da súa, podería dar lugar ó rechazo, debido ó rigor histórico que amosaba a Chancellería de Valladolid.

Unha vez cumprido o seu soño e estando xa na terra ansiada, o emigrante buscaba un lugar que fose próspero, no cal puidese cumprir os seus soños.

Observamos un significativo asentamento de veciños de Cangas, Darbo e arredores en terras mexicanas.

Os pobos onde se soían asentar eran: Tabuco, Tapeaca, Chacimula, Veracruz, Tantapua, México e outros.

Do lugar de México, onde estaba asentado un veciño de Darbo, chamado Domingo Pérez envía a cantidade de 50 pesos dobres, de moeda mexicana, por outro veciño que viña a España, o cal responde ó nome de Joseph Fandiño Rial (presbítero) para que este diñeiro o empregasen, na virxe "Nosa Señora de Darbo".

Diñeiro oportuno que aproveitou o racioneiro da Colexiata da vila de Cangas, D. Francisco Rodal e Araujo, que no ano 1773, estaba ó seu cargo a curadoría de almas, da parroquia Santa María de Darbo, para empregalo en adecentar a igrexa e así poder protexer a imaxe que se albergaba nela.

Esta igrexa atopábase en ruínas. A sancristía era baixa e de perpiaño e aumentóuselle unha vara. Para a exhumación dos mortos, non había onde meter os ósos e aproveitaron para facer un Osario. O marco Toural, tivo que ampliarse en vara e media, tamén a parede do vendaval estaba arruinada e trataron de facer o **Frontispicio** da fachada actual, para o cal trataron de contratar a Lucas González Cabaleiro, mestre arquitecto, para que levase a cabo o estudio diso. ¿Foi este o que o executou?, o que si sabemos é, que o diñeiro enviado polos emigrantes de América Latina, en fórmula de obras pías, axudaron a construír o noso legado histórico, artístico e documental.

(Publicado en "Tradicional Romaría de Darbo". Setembro, 1997)